

Unha vez que semella confirmarse a decisión da empresa ENCE de pechar algún dos seus centros en Pontevedra e realizar unha fonda regulación de emprego, que suporía a perda de perto dun cento de postos de traballo, a “Asociación Pola Defensa da Ría” quere manifestar a súa posición ao respecto:

1º.- Trátase dunha decisión empresarial que só resposta á máxima de ENCE de apostar polo seu exclusivo beneficio económico, sen ter en conta nen os dereitos dos seus traballadores nen moito menos os dereitos do conxunto da sociedade pontevedresa, dereitos que ven pisoteando desde a súa chegada a Lourizán.

2º.- O feito de que esta regulación de emprego chegue nun momento de enormes beneficios empresariais, non fai máis que salientar o pouco respecto que ENCE ten polos seus traballadores, aos que non dubidou nunca en utilizar en beneficio propio fronte ao conxunto da sociedade que exige a desaparición do complexo da súa actual ubicación; neste sentido, supón unha demostración clara do fracaso dos sindicatos en ENCE, que no seu afán por defender á empresa teñen deixado indefensos aos seus traballadores, e reforza a nosa posición verbo de precariedade do emprego en ENCE.

3º.- Dacordo coas informacións recollidas nos medios de comunicación, os peches afectarían ao Centro de Investigación (CIT), ao viveiro de Norfor e á pranta de tableiros “Eucalipto de Pontevedra”, o que pon en evidencia que para ENCE estes centros -considerados diante da opinión pública como as “xoias da coroa” do proxecto empresarial- non tiñan máis interese que o de lavar a má imaxe que a fábrica de Lourizán ten pola incidencia negativa sobre o medioambiente, os recursos naturais, a economía da bisbarra e a saúde e a calidade de vida das persoas. Non se sosteñen, xa que logo, as posicións de CC.OO., UGT e PP que culpabilizan ao Concello e á Xunta da decisión empresarial, pois a existencia de desaparición do complexo ENCE-ELNOSA da nosa Ría non tería porque afectar aos anteditos centros.

4º.- Para a APDR, que mantén a existencia do peche definitivo e inmediato da actividade de ENCE na nosa Ría e que mesmo cuestiona a necesidade da fabricación de pasta de papel na Galiza, os sindicatos de ENCE erran ao non exixir da empresa a búsqueda de solucións que permitan a continuidade empresarial noutra ubicación, úneco xeito de manter os postos de traballo actuais e mesmo de crear outros novos.

5º.- Lonxe de compartir as posicións de CC.OO. e PP, que afirman que ENCE ven sendo acosada polas administracións, a APDR entende que é precisamente o complexo ENCE-ELNOSA quen sistematicamente presiona ás administracións e á sociedade en xeral para poder manter a súa actividade por fóra da legalidade; neste sentido non se pode esquencer a actitude de prepotencia de ELNOSA que ameaza ao Concello de Pontevedra por emitir un informe desfavorable á solicitude de “declaración ambiental integrada” coa que a electroquímica quere manter a súa actividade industrial en Lourizán e contra a que temos alegado desde a APDR.

6º.- A recente catástrofe ocorrida no río Umia polo vertido de produtos químicos procedentes da empresa Brenntag, ten que nos servir para exixir con máis forza se cabe a eliminación do complexo ENCE-ELNOSA, pois un suceso semellante ao de Saiar en Lourizán causaría importantísimos danos medioambientais e na poboación, e deixaría en evidencia a ineficacia dun “Plan de Emergencia Exterior” (inexistente na práctica por non ser coñecido pola poboación) e a falta de medios para atallar a catástrofe.

Pontevedra, 18 de setembro de 2006  
APDR.

